

Modelos de Memoria Xustificativa e Memoria Económica (Orde de 20 de marzo de 2012 que desenvolve o Decreto 222/2011, sobre autorización de titulacións oficiais no Sistema Universitario de Galicia)

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20120329/AnuncioG0164-220312-13863_gl.pdf

ANEXO I Memoria xustificativa (artigo 5.1.a)

*** Requisitos xerais**

O programa de doutorado en *Ciencias Sociais e Envellecemento* xorde dun convenio asinado polas cinco universidades participantes no devandito programa: Universidade de Vigo, Universidade do Porto, Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Trás-os-Montes-e-Alto Douro. Este programa de doutoramento é un título conxunto a efectos do establecido no apartado 3.4 do Real Decreto 1393/2007. A proposta xorde no marco do proxecto UNISF (Universidade sen Fronteiras) financiado polo Programa Transfronteirizo INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) que ten como obxectivo mellorar a capacidade das universidades e autoridades públicas para a creación de graos/titulacións conxuntas entre Galicia e o Norte de Portugal e a consolidación do Espazo Fronteirizo de Ensino Superior e de Investigación da Euro-rexión.

I. Xustificación de interese socioeconómico para a Comunidade Autónoma

Estudo sobre a incidencia e beneficios xerais e económicos derivados da nova ensinanza (xustificación da oportunidade da titulación)

O programa de doutoramento en Ciencias Sociais e Envellecemento formará a investigadores e profesionais no ámbito da xerontoloxía e a xeriatria. A formación proposta é de ampla demanda hoxe en día, tendo en conta as altas taxas de envellecemento poboacional, que sitúan a España e Portugal entre os países máis envellecidos a nivel mundial. Este é, por tanto, un título de interese non só para o ámbito académico, senón tamén para o sector profesional, que demanda profesionais con altos niveis de cualificación.

Carácter esencial ou estratéxico: resposta a necesidades prácticas e científicas do SUG.

A proposta formativa do noso programa é de gran interese para a nosa comunidade autónoma, tendo en conta que Galicia, do mesmo xeito que o norte de Portugal, son zonas altamente envellecidas. Neste sentido, é importante remarcar que as nosas liñas de investigación van encamiñadas a mellorar e achegar solucións importantes para aos desafíos que deman inmediato.

Equilibrio territorial do SUG: xustificación do campus elixido para a implantación da ensinanza en relación á especialización deste da a nosa realidade demográfica, contribuindo a mellorar o desenvolvemento científico e socio-económico nun futuro

Dado que este programa enmárcase no proxecto UNISF (Universidade sen Fronteiras), que ten entre os seus obxectivos a creación de titulacións conxuntas para mellorar as relacións entre as Universidades de Galicia e o Norte de Portugal e a consolidación do Espazo Fronteirizo de Ensino Superior e de Investigación da Euro-rexión), contribuirá a establecer un equilibrio territorial do Sistema Universitario Galego. Ademais, o programa de Ciencias Sociais e Envellecemento, é un programa singular, que non supón duplicidades respecto a outras titulacións existentes e que se complementa adecuadamente con mestrados existentes no ámbito das ciencias sociais e o envellecemento, dando soporte a investigadores de calidade contrastada que ata o día de hoxe non podían participar en ningún programa de doutoramento.

Hai que recalcar que o programa se impartirá nos campus das tres universidades galegas, así como nos correspondentes das universidades portuguesas, propiciando un equilibrio ata o de agora inexistente.

II. Mercado laboral

Estudo das necesidades do mercado laboral en relación coa titulación proposta

Trátase dun programa de doutoramento de carácter estratéxico que ten en conta a súa localización, no marco da Eurorexión e a necesaria colaboración entre os seus socios, o apoio continuo institucional das Administracións Locais, Provinciais e Autonómicas, nun contexto socio-económico no que a investigación se fai altamente necesaria en Galicia tendo en consideración o alto nivel de envellecemento poboacional actual, a alta esperanza de vida e as proxeccións para o próximas catro décadas, como elemento diferenciador.

A poboación mundial está a envellecer, a maioría de países do mundo están a experimentar un aumento no número e a proporción de persoas maiores. O envellecemento da poboación está a piques de converterse nunha das transformacións sociais máis significativas do século XXI, con consecuencias para case todos os sectores da sociedade, entre eles, o mercado laboral e financeiro e a demanda de bens e servizos (vivendas, transportes, protección social...), así como para a estrutura familiar e os lazos interxeracionais.

As persoas maiores percíbense cada vez máis como un colectivo que contribúe ao desenvolvemento; considérase que as súas habilidades para mellorarse a si mesmas e á sociedade deberíanse integrar nas políticas e nos programas a todos os niveis. Nas próximas décadas, moitos países estarán sometidos a presións fiscais e políticas debido ás necesidades de asistencia sanitaria, pensións e proteccións sociais deste grupo de poboación en aumento, requirindo solucións prácticas ante este gran desafío.

O envellecemento da poboación está a multiplicar o número de recursos xerontolóxicos e xeriátricos de atención socio-sanitaria, centros xerontolóxicos residenciais, centros de día asociacións específicas (Alzheimer, Parkinson...), servizos de promoción da autonomía persoal e prevención da dependencia, asistencia domiciliaria, comida sobre rodas... Ademais o paradigma do envellecemento activo demandará cada vez máis de especialistas nestas temáticas. A necesidade social de investigadores/as no devandito ámbito faise evidente, cando se analiza a interdisciplinaridade e relación entre o envellecemento poboacional e moitos sectores económicos de interese estratéxico para a comunidade galega.

A progresiva necesidade da sociedade de doutores/as que lideren actividades e proxectos I+D+i no sector, xunto cos recursos humanos e materiais dispoñibles nas diferentes Facultades e Centros de Investigación da Universidade de Vigo e no resto de universidades participantes, fan

que o programa de doutoramento en Ciencias Sociais e Envelhecimento sexa un excelente marco para a investigación e formación de Doutores dentro de todos os sectores relacionados co envelhecimento, analizado desde unha óptica multidisciplinar.

Co obxectivo de optimizar a demanda do estudantado por estes estudos e a mellora das posibilidades profesionais e inserción laboral dos futuros doutores egresados, a Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) realizará un constante seguimento das necesidades sociais, oportunidades e desafíos que supón o envelhecimento, de cara a posible revisión de contidos e obxectivos da titulación.

Incorporación de perfís profesionais no título vinculados aos sectores estratéxicos de Galicia

Medidas previstas para o fomento do espírito emprendedor e o autoemprego dos egresados

Nas últimas dúas décadas, incrementouse de forma exponencial o número de recursos, especialmente no ámbito sociosanitario, dirixidos ás persoas maiores, constituíndo actualmente un sector de mercado de gran relevancia. O Informe Adecco sobre “O Futuro do Traballo en España” sinala que o terceiro sector que máis emprego xerará é o da saúde e o benestar, e relaciónao directamente co envelhecimento acelerado da poboación.

Aínda que ata o momento os distintos entes sociais non outorgaban un valor extra significativo aos estudos de doutoramento, por exemplo, á hora de contratar doutores, si o comezou a facer recentemente, achegando os estudantes de doutoramento un extra de calidade e iniciativa que os singulariza do resto dos titulados. Co fin de reforzar e ampliar as súas oportunidades á hora de acceder ao mercado de traballo, o presente programa de doutoramento pretende formar aos seus alumnos con seminarios complementarios, e outras actividades formativas, que permitirán que o alumnado do programa adquira non só coñecementos prácticos e teóricos, senón tamén competencias transversais, como son expresar as súas ideas de forma clara e ordenada, transmitir o seu coñecemento especializado a diferentes audiencias e demostrar a súa capacidade de actividade investigadora e iniciativa, tan demandada hoxe en día pola sociedade.

Ademais o programa de actividades, pretende que o alumnado adquira destrezas de transferencia do coñecemento, sendo requirimento previo á presentación da tese participar en foros científicos presentando resultados da súa investigación e publicando os seus resultados en libros, capítulos de libros ou en revistas científicas de alto impacto. Por ultimo, estimularase ao alumnado para que faga estadias en centros de investigación de referencia.

III. Demanda

Previsións de matrícula tendo en conta a análise da demanda real dos estudos propostos por parte de potenciais estudantes e da sociedade

Prevese que o programa de doutoramento en Ciencias Sociais e Envelhecimento teña unha elevada demanda debido á súa interdisciplinaridade e á importancia que o envelhecimento en moitos sectores económicos de interese estratéxico para a comunidade galega, entre os que destacan o sector de servizos socio-sanitarios, o tecnolóxico, o económico, etc. A iso cabe sumar o reto que supón para a administración pública, o ámbito dos coidados de longa duración.

A matrícula prevista é de 40 prazas, tal e como se especifica na memoria académica do título.

Descrición de medidas previstas para a revisión da titulación motivada por cambios na demanda

A CAPD do programa de doutoramento en Ciencias Sociais e Envellecemento revisará anualmente a evolución da demanda. Outros indicadores permitirán obter información para axustar o número de prazas se fose necesario.

IV. Non duplicidade.

Mención de ensinanzas afíns preexistentes nesta universidade

Este programa de doutoramento participa, como se indicou anteriormente, no proxecto UNISF (Universidade sen Fronteiras) financiado polo Programa Transfronteirizo INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) que ten como obxectivo mellorar a capacidade das universidades e autoridades públicas para a creación de titulacións conxuntas entre Galicia e o Norte de Portugal e a consolidación do Espazo Fronteirizo de Ensino Superior e de Investigación da Euro-rexión.

Esta nova proposta posibilita a coordinación e xestión dun conxunto de liñas de investigación en ciencias sociais e envellecemento entre as diferentes universidades Galegas, ademais da necesaria coordinación coas outras dúas Universidades Portuguesas (Universidade de Porto e Universidade de Trás os Montes e Alto Douro), participantes no programa de doutoramento. Non existindo outro título igual en ningunha das universidades participantes.

Un aspecto singular desta titulación, ten que ver con que este programa supón unha oportunidade para aliñar nunha mesma dirección a entidades educativas universitarias de recoñecido prestixio dun lado e outro da fronteira. Neste sentido, é un primeiro paso para materializar o Espazo de Ensino Superior e de Investigación da Euro-rexión Galicia-Norte de Portugal.

Acreditación da non coincidencia de obxectivos e contidos con outras titulacións existentes (coincidencia máxima do 50% dos créditos)

Este programa de doutoramento artículase ao redor de cinco liñas de investigación – i) Envellecemento poboacional: aspectos demográficos; ii) Calidade de Vida e Envellecemento Activo; iii) Diversidade funcional no envellecemento, innovación social e tecnolóxica; iv) Xénero, desigualdades sociais e envellecemento; e v) Impacto socioeconómico do envellecemento, organización social dos coidados e políticas públicas-, cuxos contidos e obxectivos de aplicación teñen unha coincidencia moi por baixo do 50% con outros programas de doutoramento do Sistema Universitario de Galicia que imparten ensinos afíns.

Dada a diversidade de liñas de investigación, este programa aposta por unha vía multidisciplinar e interdisciplinar, froito do traballo que se desenvolverá nas liñas de investigación que lle dan forma. Este feito diferenciador confírelle unha singularidade dentro da oferta de programas de doutoramento, non só de Galicia, senón tamén do noroeste peninsular. Ademais, favorecerá a posibilidade de que relevantes investigadores que traballan no campo do envellecemento e as ciencias sociais, das cinco universidades participantes, poidan dirixir teses doutorais relacionadas cos seus campos de especialidade ou en campos afíns.

V. Outros.

Planificación da conexión das titulacións de grao, máster e doutoramento

Este programa de doutoramento ten unha conexión con varios mestrados que son impartidos na Universidade de Vigo (Mestrado Universitario en Dirección e Planificación do Turismo Interior e

de Saúde, Mestrado Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos, Mestrado Universitario en Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde ou co Mestrado Universitario en Neurociencia), pero tamén con outros que se imparten nas outras catro universidades participantes. Ademais, este programa de doutoramento sería unha continuación natural do alumnado que curse un grao e un mestrado con compoñente social ou socio-sanitario nalguna das universidades participantes.

Coherencia da titulación proposta co Plan Estratéxico da universidade proponente

Existe unha total coherencia da titulación proposta co Plan Estratéxico das universidades participantes, xa que todas elas son socios no proxecto UNISF (Universidade sen Fronteiras) financiado polo Programa Transfronteirizo INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) que ten como obxectivo mellorar a capacidade das universidades e autoridades públicas para a creación de graos/titulacións conxuntas entre Galicia e o Norte de Portugal e a consolidación do Espazo Fronteirizo de Ensino Superior e de Investigación da Euro-rexión.

Innovación docente e investigadora: fomento da utilización de TIC e novas tecnoloxías

Intensificarase a utilización das TIC e novas tecnoloxías, que xa veñen sendo usadas de forma notable, entre outras actividades na docencia online, dado o carácter interuniversitario deste programa de doutoramento. Ademais, dende o proxecto UNISF estase a traballar en ferramentas específicas para a docencia online, que resultan especialmente relevantes dada a situación da pandemia provocada pola COVID-19..

Incardinación en redes internacionais de calidade

Como se mostra na memoria académica do programa de doutoramento, os investigadores que participan no programa teñen colaboracións intensas con outros grupos de investigación de gran prestixio internacional. Ademais, algúns investigadores son membros dos comités científicos de revistas de alto impacto científico na súa especialidade. Doutra banda, varios dos integrantes da proposta desempeñan labores de responsabilidade en redes de excelencia relacionadas coas liñas científicas que dan soporte a esta proposta de programa de doutorado.

Calquera outra motivación

O aspecto máis relevante deste programa de doutoramento consiste no feito de que se trata dun proxecto no que participan cinco universidades: tres galegas (Vigo, A Coruña e Santiago) e dúas portuguesas (Porto e Trás-Os-Montes--e-Alto Douro), co obxectivo de crear un título conxunto que faga realidade o Espazo Fronteirizo de Educación Superior para a Euro-rexión Galicia-Norte de Portugal.

*** Requisitos específicos:**

- **Programas de doutoramento.**

Acreditación do cumprimento do establecido no artigo 5.4 do Decreto 222/2011

O programa de doutoramento cumpre co establecido no artigo 5.4 do Decreto 222/2011 ao organizarse a través de actividades formativas que non requiren a súa estruturación en créditos ECTS e que inclúen tanto formación transversal como específica.

Xustificación da previsión mínima de 10 doutorandos e 4 teses lidas nun período de catro anos contados desde a súa implantación

Dada a capacidade de captar estudantes de doutoramento, mesmo de procedencia internacional, por parte do profesorado involucrado na proposta, todo parece indicar que a prevision de matrícula poderase alcanzar en base ao previsto na memoria académica do programa.

ANEXO II

Memoria económica (artigo 5.1.b)

Xustificación da viabilidade económica

A Facultade de Educación e Traballo Social (Campus Auga, Ourense) da UVIGO, A Facultade de Administración e Dirección de Empresas (Campus Terra, Lugo) da USC), as escolas internacionais de doutoramento das tres universidades galegas, a Facultade de Letras, o Instituto de Saúde Pública da Facultade de Medicina, a Facultade de Deporte e a Facultade de Nutrición da Universidade de Porto, e a Escola de Ciencias da Vida e o Medio Ambiente da UTAD, dispoñen dos medios tecnolóxicos necesarios para soportar actividades interuniversitarias. Entre elas, cóntase con aulas virtuais, de videoconferencia, plataformas de e-learning, recursos bibliográficos, etc. Adicionalmente, dispónse de persoal e servizos de apoio tecnolóxico para o correcto funcionamento destes servizos.

Cada un dos centros das Universidades implicadas conta con aulas asignadas para a impartición de conferencias e actividades, cada unha con capacidade suficiente para os estudantes matriculados no programa de doutoramento e dotadas con pizarras virtuais, canón de proxección ou/e computadores. Tamén se dispón de aulas de informática dotadas de suficientes ordenadores co software axeitado para a impartición do programa de doutoramento.

Para as actividades interuniversitarias presenciais, como son os seminarios programados na memoria e nos que participará gran parte do alumnado e profesorado, dispónse en todos os centros de espazos que poden ser reservados para tal fin.

Os grupos de investigación involucrados no programa de doutorado Ciencias Sociais e Envellecemento mostraron ser especialmente activos na captación de fondos en convocatorias competitivas de distintas administracións (autonómica, estatal e europea) vinculadas ás liñas de investigación propostas no programa. Ademais dos recursos mencionados, todas as universidades implicadas contan con servizos específicos de apoio á investigación para xestionar proxectos de investigación, contratos, etc.

Os centros participantes nesta nova proposta de programa de doutoramento contan tamén con bibliotecas nas que existe unha dotación ampla e actual de bibliografía relacionada coas temáticas do programa, que inclúe libros, libros electrónicos, revistas científicas subscritas tanto en formato papel como en formato electrónico, bases de datos, etc. Os principais servizos que se ofrecen son: catálogo automatizado, préstamo domiciliario, préstamo interbibliotecario, formación de usuarios, información bibliográfica, pasaporte para acceso e préstamo interbibliotecario, reprodución de documentos, exposicións e atención a persoas con discapacidade, etc.

Ademais, co obxectivo de ofrecer un servizo de excelencia aos usuarios no novo contexto

da Educación Superior, puxéronse en marcha as seguintes iniciativas xerais: reservas en liña, caixas de correos de devolución do préstamo intercampus, repositorio institucional, Dialnet, servizo de atención telefónica, adquisicións automatizadas, préstamo de computadores portátiles, metabúsqueda de recursos electrónicos e sistema de atención virtual ao usuario.

Análise das necesidades presentes e futuras en recursos humanos, infraestruturas e outros bens para a implantación da titulación proposta e cuantificación destas

Non se plantexa a necesidade de adquirir recursos materiais e dotar de servizos adicionais aos xa existentes.

Débase destacar que esta proposta enmárcase no proxecto UNISF (Universidade sen Fronteiras) financiado polo Programa Transfronteirizo INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) que ten como obxectivo mellorar a capacidade das universidades e autoridades públicas para a creación de graos/titulacións conxuntas entre a Galicia e o Norte de Portugal e a consolidación do Espazo Fronteirizo de Ensino Superior e de Investigación da Euro-rexión. Prevese a posibilidade de obter axudas específicas para os estudantes do programa, do Ministerio de Educación en España, da Xunta de Galicia, A Fundação para a Ciência e a Tecnologia, ou do propio proxecto Universidade Sen Fronteiras (UNISF).

Doutra banda, prevese a participación de profesores visitantes para impartir conferencias, seminarios e xornadas científicas relacionadas coas temáticas das liñas de investigación presentes na proposta do programa de doutoramento. O financiamento destas actividades realizarase mediante as correspondentes axudas outorgadas polas universidades e polos fondos dos grupos de investigación implicados.

Xustificación da orixe dos recursos necesarios

Os recursos necesarios para a impartición deste programa de doutoramento serán por tanto fornecidos polos centros e grupos de investigación participantes na proposta, como se mencionou anteriormente. Os grupos asociados ás liñas de investigación do programa de doutoramento en Ciencias Sociais e Envellecemento implicaranse na procura activa de recursos económicos (como veñen facendo ata a data), co fin de levar a cabo as actividades nas que se integran as liñas de investigación do referido programa de doutoramento.